



**Concello de Cerdido**  
As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
**981 41 10 00**  
www.cerdido.org correo@cerdido.es



## Liquidación do servizo de axuda a domicilio do mes de xaneiro de 2023

Por Resolución da alcaldía 242023 do 06.02.2023, aprobouse o padrón de contribuíntes e liquidación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2023, expoñéndose ao público para a súa notificación colectiva, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria 58/2003, do 17 de decembro, polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio, quedando a disposición dos interesados a efectos da presentación de reclamacións.

Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, os contribuíntes poderán interpoñer preceptivamente o recurso de reposición perante a Alcaldía, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública. O recurso entenderase rexeitado se no prazo dun mes dende a súa presentación non se resolve expresamente, quedando aberta a vía para a interposición do recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo. Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados consideren oportuno.

Cerdido, 6 de febreiro de 2023  
O Alcalde  
Benigno Galego Castro